



Proceso selectivo para o ingreso como persoal laboral fixo da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia pola quenda de acceso libre.

Categoría: Reporteiro/a Gráfico

Primeiro exercicio

Opción: Galego

NON abra o exame ata que o tribunal llo indique
--

1.- Segundo o establecido no artigo 15 da Constitución Española, que se determina con respecto da pena de morte:

- a) Queda abolida, salvo o que poidan dispor as leis orgánicas para tempos de guerra.
- b) Queda abolida, salvo o que poidan dispor as leis penais militares para tempos de guerra.
- c) Queda abolida en todo caso sen que poida existir ningunha excepción.
- d) Permitirase con carácter xeral no ámbito penal militar.

2.- Segundo o establecido no artigo 22 da Constitución Española, as asociacións que persigan fines ou utilicen medios tipificados como delito:

- a) Son ilegais.
- b) Están permitidas cando non atenten contra dereitos fundamentais.
- c) Poden autorizarse por Lei Orgánica.
- d) Son nulas.

3.- Segundo o establecido no artigo 27 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia, que competencia ostenta a Comunidade Autónoma de Galicia con respecto da ordenación do territorio e do litoral, urbanismo e vivenda:

- a) De desenvolvemento lexislativo.
- b) De execución da lexislación estatal.
- c) Exclusiva.
- d) Compartida.

4.- Segundo o establecido no artigo 35 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia, a Comunidade Autónoma de Galicia poderá establecer acordos de cooperación con outras comunidades autónomas, previa autorización:

- a) Das Cortes Xerais.
- b) Do Parlamento de Galicia.
- c) Do Goberno do Estado.
- d) Da Conferencia Sectorial correspondente.

5.- Segundo o establecido no artigo 2 da Lei 13/2022, do 7 de xullo, xeral da comunicación audiovisual, o servizo de comunicación audiovisual cuxa recepción se realiza sen contraprestación por parte do usuario denomínase:

- a) Servizo de comunicación audiovisual de acceso condicional.
- b) Servizo de comunicación audiovisual televisivo o radiofónico comunitario sen ánimo de lucro.
- c) Servizo de comunicación audiovisual en aberto.
- d) Servizo de comunicación audiovisual sonoro a petición.

6.- Segundo o establecido no artigo 7 da Lei 13/2022, do 7 de xullo, xeral da comunicación audiovisual, a comunicación audiovisual favorecerá con respecto das persoas con discapacidade:

- a) Unha imaxe axustada.
- b) Unha imaxe apreciativa.
- c) Unha imaxe inclusiva.
- d) Todas as respostas son correctas.

7.- Segundo o establecido no artigo 7 da Lei 1/2025, do 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, os medios públicos de titularidade da CA de Galicia producirán os seus programas, contidos e servizos:

- a) Unicamente en lingua galega, sen excepcións.
- b) En lingua galega e castelá indistintamente por ser as dúas linguas oficiais da CA.
- c) En lingua galega, podendo utilizar outras linguas cando así o xustifique a finalidade de dar a coñecer a identidade cultural de Galicia fóra do territorio da comunidade autónoma, en cumprimento da misión de servizo público.
- d) En lingua galega, coa única excepción da utilización de linguas doutras comunidades autónomas que teñan idioma propio cando así o xustifique o cumprimento da misión de servizo público.

8.- Segundo o establecido no artigo 23 da Lei 1/2025, do 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, son órganos de goberno e administración da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia:

- a) Consello de Dirección e Dirección Xeral.
- b) Dirección Xeral e Consello Asesor de Participación Social e Profesional.
- c) Consello de Administración e Xerencia.
- d) Consello de Administración e Dirección Xeral.

9.- Segundo o artigo 5 do Real decreto lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, observar as medidas de prevención de riscos laborais que se adopten:

- a) É un deber básico dos traballadores.
- b) É un deber básico dos empresarios.
- c) É un deber básico dos traballadores e dos empresarios.
- d) É un deber básico dos servizos de prevención.

10.- Segundo o artigo 17 do Real decreto lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, os preceptos regulamentarios que dean lugar no emprego a situacións de discriminación directa ou indirecta desfavorables por razón de idade:

- a) Serán impugnables na orde contencioso administrativa.
- b) Serán obxecto de negociación colectiva.
- c) Serán obxecto de ratificación vía convenio colectivo.
- d) Entenderanse nulos e sen efecto.

11.- Segundo o artigo 3.3 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, nos centros e establecementos militares:

- a) Non será de aplicación a Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.
- b) Será de aplicación o disposto na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, coas particularidades previstas na súa normativa específica.
- c) Adaptaranse á Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, aquelas actividades cuxas características xustifiquen unha regulación especial.
- d) Será de aplicación a Lei 32/1995, do 9 de novembro, de prevención de riscos laborais nos centros e establecementos militares.

12.- Segundo o artigo 15.2 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, o empresario tomará en consideración as capacidades profesionais dos traballadores en materia de seguridade e de saúde:

- a) No momento de contratar aos traballadores.
- b) No momento de encomendarlles as tarefas.
- c) No momento da sinatura do contrato de traballo.
- d) No momento de realizar á avaliación do desempeño.

13.- Segundo o establecido no artigo 32 do Convenio Colectivo da Corporación, cal das seguintes NON é unha competencia da Comisión da Xestión das listaxes de Contratación:

- a) Vixiar os procesos de baremación das listaxes temporais.
- b) Vixiar e coñecer todo o que atinxe á xestión das listaxes temporais.
- c) Resolver os supostos de exclusión ou inclusión das listaxes de contratación temporal.
- d) Convocar os procesos de ampliación das listaxes de contratación temporal.

14.- Segundo o establecido no artigo 39 do Convenio Colectivo da Corporación cada persoa traballadora poderá ser obrigada a traballar ata un máximo de:

- a) 5 festivos anuais.
- b) 6 festivos anuais.
- c) 7 festivos anuais.
- d) 8 festivos anuais.

15.- Segundo o primeiro parágrafo do artigo 10 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións públicas, os que accedan por calquera título a un novo posto do sector público que conforme esta Lei resulte incompatible co que viñesen desempeñando haberán de optar por un deles dentro do prazo:

- a) De quince días desde que accedan ao novo posto.
- b) De toma de posesión.
- c) Dos tres primeiros días do prazo de toma de posesión.
- d) Dos cinco primeiros días do prazo de toma de posesión.

16.- Segundo o artigo 13 Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións públicas, non poderá recoñecerse compatibilidade algunha para actividades privadas a quen se lle autorizou a compatibilidade para un segundo posto ou actividade públicos, sempre que a suma de xornadas de ambos sexa:

- a) Igual ou superior á máxima nas Administracións Públicas, salvo autorización expresa.
- b) Igual ou superior á máxima establecida para o sector privado.
- c) Igual ou superior á máxima nas Administracións Públicas.
- d) Igual ou superior á máxima establecida para o sector privado, salvo autorización expresa.

17.- Segundo o artigo 3 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, as persoas vinculadas ao falecido por razóns familiares ou de feito así como os seus herdeiros poderán dirixirse ao responsable ou encargado do tratamento ao obxecto de solicitar:

- a) Exclusivamente o acceso aos datos privados do falecido.
- b) Exclusivamente a rectificación dos datos do falecido.
- c) Exclusivamente a supresión dos datos do falecido.
- d) O acceso aos datos persoais do falecido e, no seu caso, a súa rectificación ou supresión.

18.- Segundo o artigo 12.6 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os titulares da patria potestade poderán exercer os dereitos de acceso, en nome e representación:

- a) Dos menores de quince anos.
- b) Dos menores de catorce anos.
- c) Dos menores de dezaseis anos.
- d) Dos menores de dezoito anos.

19.- Segundo o artigo 5.2 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, a protección das vítimas de violencia de xénero:

- a) É un obxectivo lexítimo que podería xustificar a atribución ás mulleres das actividades profesionais de atención directa a esas vítimas.
- b) É un obxectivo lexítimo que podería xustificar a atribución ás mulleres das actividades profesionais de atención indirecta a esas vítimas.
- c) É un obxectivo lexítimo que podería xustificar a atribución aos homes das actividades profesionais de atención directa a esas vítimas.
- d) É un obxectivo lexítimo que podería xustificar a atribución aos homes das actividades profesionais de atención indirecta a esas vítimas.

20.- Segundo o artigo 7 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, de acordo co disposto no artigo 8 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, todo trato desfavorable ás mulleres relacionado co embarazo ou a maternidade:

- a) Constitúe discriminación indirecta por razón de sexo.
- b) Constitúe discriminación directa por razón de sexo.
- c) Constitúe discriminación sexista por asociación.
- d) Constitúe discriminación sexista por erro.

21.- Segundo o artigo 31 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, o uso non sexista da linguaxe consiste:

- a) Na utilización de expresións lingüisticamente correctas substitutivas doutras que invisibilizan un xénero ou que o sitúan nun plano secundario respecto doutro xénero.
- b) Na utilización de expresións lingüisticamente correctas ou non, substitutivas doutras que invisibilizan un xénero ou que o sitúan nun plano secundario respecto doutro xénero.
- c) Na utilización de expresións lingüisticamente correctas substitutivas doutras que invisibilizan o feminino ou que o sitúan nun plano secundario respecto ao masculino.
- d) Na utilización de expresións lingüisticamente correctas ou non, substitutivas doutras que invisibilizan o feminino ou que o sitúan nun plano secundario respecto ao masculino.

22.- Que fenómeno óptico explica a separación da luz branca nos seus compoñentes espectrais ao atravesar un prisma?

- a) A difracción, que dobra as ondas de luz ao pasar pola aresta do prisma en función da súa lonxitude de onda.
- b) A polarización, que filtra as ondas de luz segundo o seu plano de vibración ao atravesar o material do prisma.
- c) A dispersión, causada pola variación do índice de refracción do vidro segundo a lonxitude de onda de cada cor.
- d) A absorción selectiva, polo que o prisma retén certas lonxitudes de onda e deixa pasar outras en función da súa composición.

23.- Que é o flare nun obxectivo e cales son os métodos principais para reduci-lo?

- a) É a perda de nitidez nas esquinas da imaxe causada pola curvatura de campo da lente; redúcese usando lentes asféricas.
- b) É a dispersión de luz non desexada dentro do obxectivo causada por reflexións internas; redúcese con parasol e revestimentos antirreflexo.
- c) É o efecto de viñetaxe que escurece as esquinas da imaxe; redúcese pechando o diafragma ou usando correctores de viñeta.
- d) É a distorsión en barril ou coxín da imaxe causada pola configuración das lentes do zoom; redúcese en postprodución.

24.- Que é o número f dun obxectivo?

- a) É a relación entre a lonxitude focal e o diámetro efectivo da apertura do diafragma, que indica a luminosidade do obxectivo.
- b) É o número de elementos de vidro que compoñen o grupo óptico do obxectivo, indicativo da súa complexidade de deseño.
- c) É o factor de multiplicación de focal que se produce ao usar o obxectivo nun sensor máis pequeno que o formato de referencia.
- d) É o índice de transmisión de luz medido en porcentaxe respecto á luminosidade máxima teórica do deseño óptico.

25.- As lentes converxentes, para obxectos moi afastados, forman:

- a) Unha imaxe real, invertida e de menor tamaño que o obxecto.
- b) Unha imaxe real, non invertida e de menor tamaño que o obxecto.
- c) Unha imaxe virtual, invertida e de menor tamaño que o obxecto.
- d) Unha imaxe virtual, invertida e de maior tamaño que o obxecto.

26.- Un filtro polarizador:

- a) Axústase co follow focus para corrixir dominantes de cor.
- b) Vai sempre na matte box e elimina radiación UV.
- c) Axústase coa anión da distancia focal.
- d) Colócase na parte frontal do lente e elimina parte da luz segundo a súa dirección de oscilación.

27.- Un orificio moi pequeno nunha cámara escura produce imaxes pouco nítidas por:

- a) Difracción.
- b) Dispersión.
- c) Polarización.
- d) Transmisión.

28.- O ángulo visual dun obxectivo depende de:

- a) A distancia focal e o tamaño do sensor.
- b) O poder de cobertura.
- c) O aumento óptico.
- d) A distancia ao plano da película.

29.- Que é a posterización nunha imaxe dixital e cal é a súa causa técnica habitual?

- a) É o efecto de perda de nitidez nas zonas de alto contraste causado polas interferencias dun micrófono de contacto defectuoso durante a gravación.
- b) É a aparición de puntos brillantes aleatorios na imaxe causados polo ruído electrónico do sensor en condicións de baixa iluminación.
- c) É a distorsión xeométrica producida pola interpolación do sinal de cor no proceso de mostraxe do filtro Bayer.
- d) É a aparición de bandas de ton en zonas de gradación suave causada por pouca profundidade de bits ou compresión excesiva.

30.- Que é o bitrate e como inflúe na calidade e no tamaño dos arquivos de vídeo gravados?

- a) É a frecuencia de cadro do vídeo expresada en fotogramas por segundo; maior taxa implica sempre maior tamaño de arquivo.
- b) É a resolución do vídeo expresada en píxeles; determina o tamaño do arquivo pero non afecta á calidade perceptiva.
- c) É a cantidade de datos procesados por unidade de tempo; a maior taxa de datos, maior calidade e tamaño de arquivo.
- d) É a velocidade de lectura e escritura do soporte de gravación, que debe superar sempre a taxa de datos do códec usado.

31.- Que é o rango dinámico dun sensor de imaxe e por que é un parámetro crítico en produción audiovisual?

- a) É a capacidade do sensor para xestionar variacións rápidas de luminancia entre fotogramas consecutivos, garantindo estabilidade na exposición e evitando artefactos perceptibles en escenas con cambios bruscos de iluminación.
- b) É a marxe operativa na que o sensor pode manter unha relación equilibrada entre sensibilidade ISO, nivel de ruído electrónico e profundidade de bits, asegurando unha resposta consistente en condicións de iluminación complexas.
- c) É o intervalo de sinal no que o sensor pode rexistrar información útil sen saturarse nas altas luces nin perder detalle nas sombras, determinando a súa resposta global en situacións de contraste elevado.
- d) É a capacidade do sensor para captar simultaneamente detalle nas zonas máis escuras e nas máis brillantes dunha escena, permitindo conservar información en escenas de alto contraste e evitando perdas críticas de exposición.

32.- Que son os fotogramas I, P e B na compresión interframe de H.264 e como se relacionan entre si:

- a) Son unidades estruturais que marcan diferentes momentos da secuencia, onde os fotogramas I actúan como puntos de saída, os fotogramas P funcionan como segmentos de transición e os fotogramas G representan zonas de obxectivo (Goal) dentro do proceso GOP de codificación.
- b) Son tres tipos de fotogramas con funcións complementarias: os I codifícanse de forma completa, os P almacenan só as diferenzas respecto a fotogramas anteriores e os B utilizan información de fotogramas previos e posteriores, configurando conxuntamente a estrutura GOP do códec.
- c) Son tres modalidades independentes de compresión que se aplican de maneira alternada ao longo da secuencia GOP, sen relación directa entre elas e sen dependencia temporal entre os distintos tipos de fotogramas.
- d) Son tres capas diferenciadas de información visual, cunha estrutura GOP, nas que os fotogramas I conteñen a imaxe base, os P incorporan datos de profundidade e os G engaden información de brillo, completando así a representación final do vídeo.

33.- Cal é a característica técnica fundamental que define o funcionamento dun sistema de edición lineal tradicional?

- a) O acceso secuencial e obrigatorio aos fotogramas precedentes.
- b) O acceso aleatorio e inmediato a calquera fragmento do material.
- c) O uso dun protocolo específico de sincronización externa.
- d) O procesamento exclusivo con copias proxy de baixa resolución.

34.- Como se denominan os arquivos en baixa resolución que se xeran ao inicio dun proxecto para permitir un montaxe offline fluído?

- a) Listas de decisión de montaxe (EDL / XML).
- b) Arquivos Proxy (Proxies).
- c) Táboas de conversión de cor (LUTs).
- d) Arquivos de transcodificación lineal.

35.- Cal das seguintes afirmacións sobre MPEG-2 é correcta?

- a) Limitase estritamente a 1,5 Mbit/s.
- b) É unha evolución directa do H.264.
- c) Admite vídeo en alta definición e é estándar en televisión dixital.
- d) Implementa arquitecturas de interpolación avanzadas.

36.- Nun sistema de transmisión con mochila, cal é a función específica do transmisor?

- a) Capturar, codificar e enviar o sinal audiovisual a través das conexións de rede dispoñibles, garantindo que o fluxo chegue ao receptor remoto en condicións óptimas de calidade e estabilidade.
- b) Almacenar e comprimir o sinal de vídeo en formato de arquivo para a súa transferencia posterior mediante protocolos de envío diferido como FTP ou sistemas equivalentes.
- c) Recibir e descodificar o sinal audiovisual procedente do estudio central, permitindo que o xornalista dispoña dunha referencia visual directa durante o traballo en campo.
- d) Xestionar os procesos de autenticación e permisos de acceso ao servidor de streaming, controlando os niveis de seguridade establecidos pola canle de televisión.

37.- En que se diferencia o protocolo FTP do streaming no contexto profesional?

- a) O FTP require sempre cifrado de extremo a extremo, mentres que o streaming pode enviarse sen aplicar ningún tipo de protección adicional.
- b) O FTP funciona exclusivamente en redes cableadas, mentres que o streaming está optimizado para o uso en redes móbiles de alta capacidade.
- c) O FTP utiliza compresión sen perdas, mentres que o streaming emprega sempre formatos con perdas para reducir o tamaño do fluxo audiovisual.
- d) O FTP transfire arquivos completos de forma asíncrona para uso posterior, mentres que o streaming envía datos en tempo real para consumo inmediato.

38.- No modelo cliente-servidor aplicado á transmisión audiovisual, que papel xoga o servidor de streaming?

- a) Recibe, almacena e distribúe o fluxo de vídeo aos clientes que o solicitan, xestionando conexións, recursos e dispoñibilidade do servizo.
- b) Captura e codifica o sinal procedente das cámaras, preparando o fluxo para o seu envío posterior aos dispositivos receptores.
- c) Actúa como punto de control da calidade da imaxe, rexeitando automaticamente os fluxos que non cumpran os estándares establecidos pola canle.
- d) Xestiona a autenticación dos xornalistas en campo e asigna os recursos de rede segundo a prioridade editorial establecida.

39.- Que é o protocolo SRT e que vantaxes ofrece fronte ao RTMP?

- a) É un protocolo de streaming con corrección de erros e cifrado integrado, máis robusto que RTMP en redes inestables e con menor latencia en transmisións profesionais.
- b) É un protocolo de transferencia de arquivos en rede local, máis rápido que FTP para o envío de material audiovisual de gran tamaño.
- c) É un estándar de compresión de vídeo de baixa latencia que mellora a eficiencia do codec H.265 en contornas de transmisión móbil.
- d) É un protocolo de sincronización multicámara que permite coordinar varias mochilas de transmisión en producións exteriores complexas.

40.- Cal é a función do “buffer” nun sistema de streaming de vídeo e como inflúe na latencia percibida?

- a) O buffer transforma o fluxo de vídeo en tempo real nun arquivo permanente almacenado no servidor, permitindo o seu acceso posterior sen necesidade de retransmisión.
- b) O buffer almacena temporalmente os datos recibidos para suavizar as variacións do fluxo, pero incrementa a latencia total ao engadir tempo de espera antes da reprodución.
- c) O buffer cifra os datos audiovisuais antes do envío, garantindo a seguridade da transmisión e engadindo un retardo mínimo de procesamento.
- d) O buffer comproba a integridade de cada paquete recibido e solicita o seu reenvío en caso de erro, asegurando a calidade final da imaxe mostrada.

41.- Que efecto produce un alto nivel de jitter nun directo?

- a) Provoca un incremento notable da saturación cromática da imaxe, alterando a representación das cores durante a transmisión.
- b) Xera variacións irregulares na entrega dos paquetes, producindo cortes, pixelación ou interrupcións perceptibles no fluxo de vídeo.
- c) Incrementa automaticamente a resolución do vídeo para compensar a perda de datos, mellorando a calidade final da imaxe recibida.
- d) Reduce de forma automática a frecuencia de cadros a 1 fps, permitindo manter a transmisión mesmo con conexións moi limitadas.

42.- Que medida de seguridade é esencial nunha transmisión profesional?

- a) Cambiar o enderezo IP do transmisor cada trinta minutos, impedindo que terceiros identifiquen a orixe da transmisión.
- b) Empregar cifrado na transmisión e utilizar credenciais robustas, garantindo a protección do fluxo audiovisual en redes públicas.
- c) Transmitir sempre coa taxa de bits máxima dispoñible, dificultando a interceptación e análise do contido audiovisual.
- d) Utilizar exclusivamente redes wifi abertas, facilitando o acceso á rede sen necesidade de autenticación previa.

43.- Que é o obturador electrónico nunha cámara de vídeo profesional e como afecta á imaxe o seu valor de configuración?

- a) É o mecanismo que regula a apertura do diafragma en modo automático; valores altos producen máis profundidade de campo.
- b) É o sistema que controla o tempo de exposición de cada fotograma; velocidades altas reducen o desenfoque de movemento producindo imaxes máis nítidas pero con aspecto menos cinematográfico.
- c) É o sistema de estabilización electrónica da imaxe que compensa os movementos involuntarios durante a gravación en man.
- d) É o mecanismo de control automático da ganancia que axusta o ISO do sensor segundo as condicións de iluminación.

44.- Que é o axuste de gamma nunha cámara de vídeo e como afecta á representación tonal da imaxe?

- a) É o axuste da frecuencia de cadro que determina a fluidez do movemento na gravación en diferentes condicións de iluminación, tanto a nivel de ton, como de brillo.
- b) É o control da temperatura de cor que axusta o balance de brancos da cámara de forma automática ou manual.
- c) É un sistema de compensación do control automático da apertura do iris que mantén a exposición constante ante cambios bruscos de iluminación.
- d) É a curva de transferencia que define a relación entre os valores de luminancia capturados polo sensor e os valores de saída, afectando ao contraste e á distribución tonal da imaxe.

45.- Que é o DRS e como funciona?

- a) É un sistema de estabilización electrónica da imaxe que compensa os movementos de cámara en gravacións dinámicas.
- b) É un protocolo de transferencia de arquivos que optimiza automaticamente o proceso de copia ao soporte de gravación.
- c) É un sistema que analiza a escena e axusta automaticamente a curva tonal para ampliar o rango dinámico efectivo, comprimindo as altas luces e expandindo as sombras de forma dinámica.
- d) É un sistema de redución de ruído que actúa de forma automática cando a cámara detecta valores de ganancia elevados.

46.- Que é un movemento de 'tilt' nunha cámara montada en trípode e como se diferencia do 'pan'?

- a) O tilt é un movemento de rotación horizontal sobre o eixo vertical da cabeza do trípode; o pan é o movemento de inclinación vertical.
- b) O tilt é un movemento de inclinación vertical da cámara (arriba-abaxo) sobre o eixo horizontal; o pan é un movemento de rotación horizontal (esquerda-dereita) sobre o eixo vertical.
- c) O tilt é o movemento de achegamento e afastamento da cámara respecto ao suxeito; o pan é a rotación en calquera eixo.
- d) Non existe diferenza; ambos os termos describen o mesmo tipo de movemento rotacional da cámara no trípode.

47.- Que é o preset de balance de brancos nunha cámara de vídeo e en que situacións é máis útil que o balance manual?

- a) É o modo de balance de brancos automático continuo que axusta a temperatura de cor en tempo real durante a gravación, útil cando non hai tempo para un balance manual.
- b) É un valor de temperatura de cor predefinido que permite configurar rapidamente a cámara en situacións coñecidas sen necesidade de carta branca, útil cando non hai tempo para un balance manual.
- c) É o modo de balance de brancos que usa como referencia o valor medido na gravación anterior para manter a continuidade, útil cando non hai tempo para un balance manual.
- d) É un sistema automático que detecta o tipo de fonte de luz da escena e selecciona o preset máis adecuado sen intervención, útil cando non hai tempo para un balance manual.

48.- Como afecta a velocidade de obturación á aparencia do movemento nunha gravación de vídeo e cal é a regra dos 180 graos?

- a) A velocidade de obturación non afecta ao movemento en vídeo; a regra dos 180 graos refírese ao ángulo máximo de rotación da cámara nunha panorámica.
- b) A velocidade de obturación controla a profundidade de campo; a regra dos 180 graos define o ángulo mínimo do trípode para evitar o parallax.
- c) A velocidade de obturación determina o desenfoque de movemento; a regra dos 180 graos establece que a velocidade de obturación debe ser aproximadamente o dobre da frecuencia de cadro (p.ex. 1/50s a 25fps) para obter un desenfoque de movemento natural.
- d) A velocidade de obturación afecta á exposición pero non ao movemento; a regra dos 180 graos é un estándar de composición de encadre.

49.- Cal é a función do histograma como axuda á exposición nunha cámara de vídeo profesional?

- a) É un gráfico que mostra a distribución de frecuencias do sinal de audio, útil para controlar os niveis de son durante a gravación.
- b) É un indicador numérico que mostra o valor de apertura de iris equivalente á exposición medida polo fotómetro integrado.
- c) É unha representación gráfica da distribución de valores de luminancia da imaxe, permitindo ao operador avaliar obxectivamente a exposición e detectar zonas sobreexpostas ou subexpostas sen depender da visualización subxectiva do monitor.
- d) É un gráfico que representa a distribución de frecuencias de cor da escena, útil para verificar o balance de brancos realizado.

50.- Que precaucións deben tomarse ao almacenar e transportar soportes de gravación en flash (tarxetas, SSDs) en coberturas exteriores?

- a) Os soportes flash non requiren precaucións especiais ao ser completamente resistentes a golpes, temperatura e campos magnéticos.
- b) A única precaución necesaria é evitar a exposición directa ao sol durante máis de dúas horas para previr a degradación dos datos.
- c) Deben protexerse de golpes físicos, temperaturas extremas, humidade e campos electromagnéticos intensos; nunca deben retirarse da cámara mentres o indicador de acceso ao soporte está activo.
- d) Deben formatearse antes de cada uso para evitar a corrupción de datos por acumulación de sectores defectuosos no soporte.

51.- Que compoñentes do espectro frecuencial se consideran esenciais para achegar densidade, peso acústico e corpo ao deseño sonoro?

- a) Os compoñentes de alta frecuencia ou agudos, responsables da definición transitoria e da claridade perceptiva da mensaxe.
- b) Os compoñentes de baixa frecuencia ou graves, encargados de achegar peso físico, profundidade e sensación de magnitude sonora.
- c) Os compoñentes transitorios de rango medio procesados mediante curvas específicas de ponderación técnica.
- d) Os compoñentes harmónicos procedentes da reverberación difusa xerada en espazos de resposta complexa.

52.- Que é o son directo e o son reflectido e como afecta a súa relación á calidade da captación microfónica?

- a) O son directo é o que chega ao micrófono directamente desde a fonte sonora; o reflectido chega após rebotar en superficies; unha boa relación directo/reflectido (son directo dominante) produce captacións máis claras e con menor coloración acústica.
- b) O son directo é o que xera o propio micrófono por vibración interna da súa membrana e o reflectido é o que capta do ambiente exterior; a súa relación define a sensibilidade nominal do micrófono.
- c) O son directo é o sinal útil gravado en pista principal e o reflectido é o ruído de fondo ambiental; ambos son sempre indesexables e deben eliminarse mediante filtros en posproducción.
- d) Non existe diferenza perceptible entre son directo e reflectido cando a distancia á fonte sonora é inferior a dous metros, xa que o oído humano non pode distinguilos a esa distancia.

53.- Cales son os principais tipos de micrófonos segundo o seu principio de transdución e en que se diferencian?

- a) Os tipos principais son o micrófono dixital e o analóxico; os dixitais converten o son en datos binarios directamente dentro da propia cápsula sen necesidade de ningún conversor externo.
- b) Os tipos principais son o micrófono direccional e o omnidireccional, e a diferenza entre eles está exclusivamente no diagrama polar de captación e non no principio de transdución.
- c) Os tipos principais son o dinámico (por indución electromagnética, robusto e sen alimentación) e o de condensador (por variación de capacitancia, maior sensibilidade pero require alimentación phantom); tamén existen os de cinta e piezoeléctricos.
- d) Os tipos principais son o micrófono de estudio e o de campo; os de estudio son máis sensibles porque usan electrónica de maior calidade, mentres os de campo son máis resistentes á intemperie.

54.- Que é un sinal balanceado e que vantaxe ofrece fronte ao sinal non balanceado en instalacións de audio profesional?

- a) Un sinal balanceado transmite o sinal en dous condutores en fase oposta máis terra; calquera interferencia inducida afecta igual a ambos e cancélase no receptor (rexeción en modo común), permitindo cables longos sen captar ruído electromagnético.
- b) Un sinal balanceado é aquel cuxo nivel está axustado ao valor de referencia de 0 dBu; a vantaxe é que non require preamplificación adicional nin axuste de ganancia nos equipos receptores.
- c) Un sinal balanceado é aquel que ten igual nivel en todos os canais de audio do sistema; é o estándar de referencia en mezcladores dixitais de última xeración para garantir coherencia.
- d) Un sinal balanceado usa tres cables independentes para transmitir as frecuencias graves, medias e agudas por separado, evitando a intermodulación entre bandas de frecuencia.

55.- Que é un limitador (limiter) de audio e en que se diferencia dun compresor?

- a) O limitador é un compresor con ratio moi elevado (tipicamente superior a 10:1 ou infinito:1) que impide que o sinal supere un nivel máximo determinado; o compresor actúa con ratios menores reducindo a dinámica de forma máis gradual.
- b) O limitador reduce o nivel de audio a cero de forma abrupta cando supera o umbral establecido; o compresor elimina completamente as frecuencias excesivas mediante un filtro de paso baixo adaptativo.
- c) O limitador actúa só sobre as frecuencias graves que causan saturación nos transformadores; o compresor actúa uniformemente en todo o espectro de frecuencias audíbles sen discriminación.
- d) Non existe diferenza funcional nin técnica entre limitador e compresor; son dous nomes comerciais para o mesmo tipo de procesador dinámico de audio profesional.

56.- Que é a relación sinal-ruído (SNR) dun sistema de audio e como inflúe na calidade da gravación?

- a) É a relación entre o número de sinais simultáneos que o sistema pode procesar e o número de canais de ruído presentes no ambiente de gravación ou transmisión.
- b) É a proporción entre o tempo de sinal útil e o tempo de silencio nunha gravación; inflúe directamente na eficiencia do algoritmo de compresión con perdas utilizado.
- c) É a diferenza en decibelios entre o nivel de sinal útil e o nivel de ruído de fondo; unha SNR elevada indica maior separación entre o son útil e o ruído, producindo gravacións máis limpas con maior rango dinámico aproveitable.
- d) É a relación entre a frecuencia de mostraxe e a resolución en bits do conversor ADC; determina a fidelidade total da representación dixital do sinal de audio analóxico.

57.- Que é o filtro paso alto (HPF) integrado en moitos micrófonos profesionais e en que situacións é útil activalo?

- a) É un filtro que amplifica as frecuencias agudas por enriba de 8 kHz para compensar a perda de brillo e presenza na captación a longas distancias en espazos de gran volume.
- b) É un filtro que aumenta selectivamente a sensibilidade nas frecuencias medias-altas de 2-5 kHz para mellorar a intelixibilidade e comprensión da voz humana captada en exteriores.
- c) É un filtro que atenúa as frecuencias graves por baixo dunha frecuencia de corte determinada (tipicamente 80-120 Hz); útil para eliminar ruídos de aire acondicionado, vibracións do chan, ruído de vento ou o efecto de proximidade non desexado.
- d) É un filtro que elimina as frecuencias superiores a 15 kHz para evitar o aliasing ao converter o sinal analóxico a frecuencias de mostraxe de 32 kHz en gravadores portátiles.

58.- Unha fonte de luz ten unha distribución espectral de potencia (SPD) con enerxía concentrada case exclusivamente en 589 nm. Cal será o seu comportamento ao iluminar un obxecto pintado de cian puro?

- a) O obxecto verase verde brillante, xa que o cian reflicte o verde e 589 nm está suficientemente próximo á banda verde para ser reflectido de forma eficiente polo pigmento.
- b) O obxecto verase amarelo intenso, xa que a luz monocromática de 589 nm sempre produce de forma invariable a sensación de amarelo no ollo, independentemente do obxecto iluminado.
- c) O obxecto verase case negro, xa que o cian absorbe a banda laranxa-amarela e 589 nm cae exactamente nesa rexión de absorción, sen reflexión apreciable cara ao observador.
- d) O obxecto verase branco puro, porque o cian é cor complementaria do vermello e calquera radiación monocromática se reflicte integramente sobre superficies de cor complementaria.

59.- No contexto da medición fotométrica, cal é a diferenza fundamental entre luminancia e iluminancia?

- a) A iluminancia mídese en candelas e describe a luz emitida pola fonte, mentres que a luminancia mídese en lux e describe a luz recibida pola superficie iluminada polo foco.
- b) A luminancia é a integral espectral ponderada da iluminancia para cada lonxitude de onda visible, e mídese en lúmenes por estereorradián segundo o sistema fotométrico internacional.
- c) Son magnitudes equivalentes para superficies perfectamente lambertsianas, onde a relación entre ambas é sempre $\text{luminancia} = \text{iluminancia} \times \pi$, sen distinción práctica entre elas.
- d) A iluminancia (lux) describe o fluxo luminoso recibido por unidade de área, mentres que a luminancia (cd/m^2) describe a intensidade emitida ou reflectida por unidade de área aparente nunha dirección dada cara ao observador.

60.- Nun sistema de iluminación de tres puntos, cal é a función específica do contraluz e como afecta á percepción tridimensional do suxeito?

- a) Separa o suxeito do fondo creando halo luminoso nos seus contornos, que reforza a percepción de profundidade e tridimensionalidade ao diferenciar suxeito de fondo.
- b) Elimina as sombras indesexadas que se proxectan sobre o fondo e achata intencionadamente a imaxe para dar a sensación de estudio fotográfico profesional e controlado.
- c) Compensa a luz de recheo cando esta resulta excesiva e demasiado suave, reducindo o ratio de contraste entre o lado iluminado e o lado en sombra do suxeito.
- d) Ilumina o fondo da escena de forma uniforme e independente para evitar que as sombras do suxeito principal se proxecten sobre el e contaminen o encadre.

61.- Cal é a diferenza entre un difusor de dispersión (scrim) e un reflector para modificar a calidade da luz dun proxector?

- a) Ambos suavizan a luz de igual xeito e a diferenza entre eles é só de intensidade final; ningún altera a dureza das sombras nin o tamaño angular efectivo da fonte de luz.
- b) O scrim converte a luz dura en suave ao dispersala en múltiples direccións; o reflector concentra a luz nunha dirección específica facéndoa máis dura e direccional.
- c) O scrim reduce a intensidade sen cambiar apreciablemente a calidade (dureza) da luz; o reflector amplía o tamaño efectivo da fonte ao rebotar a luz, suavizando as sombras de forma significativa.
- d) O reflector reduce a intensidade ao absorber parte da luz incidente; o scrim amplía o ángulo de emisión sen afectar en absoluto á dureza nin á calidade da luz.

62.- En iluminación de estudio, que significa o concepto de 'calidade da luz' e de que factores depende principalmente?

- a) A calidade (cálido ou frío) refírese á temperatura de cor da fonte de iluminación; depende do tipo de lámpada escollido e dos filtros correctores de cor colocados diante do foco.
- b) A calidade (saturado ou lavado) refírese ao índice de reprodución cromática (CRI) da fonte de luz; só as fontes con CRI superior a 90 se consideran de alta calidade en iluminación profesional.
- c) A calidade (duro ou suave) depende do tamaño angular da fonte desde o punto de vista do suxeito: fontes grandes e próximas dan luz suave; fontes pequenas ou afastadas dan luz dura con sombras de bordos definidos.
- d) A calidade (brillante ou apagada) depende exclusivamente da potencia en vatios da fonte e do tipo de proxector e óptica utilizada, sen que a distancia ao suxeito teña influencia relevante.

63.- Que é o lumen e como se relaciona coa candela e o estereorradián na definición do sistema fotométrico?

- a) O lumen (lm) é a unidade de fluxo luminoso: 1 lm é o fluxo emitido por unha fonte puntual de 1 candela nun ángulo sólido de 1 estereorradián.
- b) O lumen é a unidade de intensidade luminosa dunha fonte puntual; 1 lm equivale a 1 cd multiplicado polo cadrado da distancia en metros ao plano receptor.
- c) O lumen é equivalente ao lux no sistema fotométrico internacional; ambas unidades miden fluxo luminoso recibido por unidade de área de superficie iluminada.
- d) O lumen defínese como a enerxía radiante total dunha fonte ponderada pola función de visibilidade fotópica $V(\lambda)$ e dividida polo intervalo de tempo de emisión.

64.- Que diferenza existe entre a iluminación de fondo (background light) e a luz de separación (separation light ou kicker) no triángulo de luces ampliado?

- a) A luz de fondo ilumina o ciclorama ou fondo da escena; a luz de separación (kicker) incide lateralmente sobre o suxeito para separalo visualmente do fondo creando un contorno luminoso lateral.
- b) Son o mesmo elemento de iluminación con nomes diferentes; 'kicker' é simplemente o termo técnico americano equivalente ao 'background light' do sistema europeo de iluminación.
- c) A luz de separación ilumina o fondo con cor e a luz de fondo ilumina o suxeito desde atrás; os nomes fan referencia ao efecto final e non á posición real da fonte.
- d) Ambas iluminan o suxeito principal desde ángulos simétricos opostos para eliminar as sombras propias e crear unha iluminación homoxénea e sen contraste.

65.- Para que se emprega a montaxe formal ou por analoxía dentro da linguaxe cinematográfica, especialmente cando se busca establecer vínculos conceptuais sen recorrer á continuidade narrativa clásica?

- a) Para conectar distintos planos mediante elementos visuais semellantes que xeren asociacións simbólicas coherentes.
- b) Para introducir un cambio brusco na historia mediante unha ruptura estrutural que altere a progresión dramática.
- c) Para organizar as liñas de diálogo seguindo criterios sonoros que manteñan a continuidade entre intervencións.
- d) Para sinalar transicións temporais mediante o uso de elipses narrativas que modifiquen a percepción do tempo.

66.- Que importancia ten a liña de mirada nun corte dentro do proceso de montaxe, especialmente cando se busca manter a coherencia espacial e a orientación do espectador?

- a) Dirixe a atención do espectador cara o punto focal previsto dentro da acción mostrada.
- b) Permite xerar unha sensación de maior fluidez rítmica ao acelerar a transición entre planos.
- c) Evita a aparición de distorsións perceptivas que poidan alterar la lectura visual do espazo.
- d) So resulta aplicable en situacións específicas que impliquen o uso de planos totalmente fixos.

67.- En linguaxe audiovisual, o “eixo da acción” ou liña dos 180 graos establece que:

- a) A cámara debe realizar un xiro de 180 graos entre planos consecutivos para garantir que o suxeito apareza no lado oposto do encadre e se perciba unha variación espacial clara.
- b) Todos os planos dunha escena deben rodarse desde o mesmo lado da liña para manter a coherencia das sombras e evitar inconsistencias no raccord de iluminación.
- c) Existe unha liña imaxinaria entre dous suxeitos ou ao longo dun movemento, e cruzala entre planos altera a orientación percibida, rompendo a continuidade espacial para o espectador.
- d) A cámara non pode superar un xiro de 180 graos nunha única toma sen recorrer a un travelling circular completo ao redor do suxeito filmado.

68.- Que é un inserto e en que se diferencia dun plano de recurso dentro dunha secuencia?

- a) Un inserto funciona como un plano externo que contextualiza a escena mediante información ambiental, mentres que o plano de recurso se limita a mostrar accións principais sen achegar datos novos.
- b) Un inserto sempre introduce información allea á escena principal, mentres que o plano de recurso se utiliza exclusivamente para reforzar a acción central sen modificar o seu significado.
- c) Un inserto é un recurso propio do documental que achega datos informativos, mentres que o plano de recurso pertence só á ficción e serve para solucionar erros de continuidade.
- d) Un inserto é un plano de detalle que destaca un elemento relevante da acción principal, mentres que o plano de recurso ofrece material adicional para cubrir cortes e manter continuidade narrativa.

69.- Que é a montaxe paralela e como xera tensión narrativa?

- a) A montaxe paralela consiste en rodar unha mesma acción con dúas cámaras desde ángulos diferentes, ofrecendo variedade visual sen alterar a estrutura narrativa.
- b) A montaxe paralela é unha técnica propia do cine mudo que deixou de empregarse no cinema moderno debido á introdución do son sincronizado.
- c) A montaxe paralela alterna accións simultáneas en espazos distintos, creando tensión ao mostrar dúas liñas narrativas que avanza cara a unha posible converxencia dramática.
- d) A montaxe paralela alterna o presente e o pasado dunha historia mediante flashbacks, diferenciándose da montaxe lineal que segue unha orde cronolóxica estrita.

70.- Que é un establishing shot e cando se utiliza?

- a) É un plano amplo que presenta o espazo onde se desenvolverá a acción, situándose normalmente ao inicio dunha escena para orientar ao espectador.
- b) É o plano final dunha secuencia que resume visualmente o acontecido antes de pasar á seguinte parte da historia.
- c) É un plano aéreo de localización que só se utiliza ao comezo dunha película ou dun acto narrativo.
- d) É un plano de longa duración que establece o ritmo inicial dunha secuencia antes de introducir cortes máis rápidos.

71.- Que é o punto de fuga e como inflúe na composición?

- a) O punto de fuga é o punto cara ao que se move o suxeito principal e determina a dirección narrativa da escena.
- b) O punto de fuga é o lugar onde converxen liñas paralelas nunha perspectiva, guiando a mirada e reforzando a sensación de profundidade dentro do plano.
- c) O punto de fuga é o centro de interese compositivo e debe situarse sempre no centro do cadro para garantir equilibrio visual.
- d) O punto de fuga é un concepto exclusivo da arquitectura e non se aplica á fotografía nin ao cine.

72.- Nun informativo de televisión, cal é a principal diferenza entre unha cola e unha imaxe de recurso?

- a) As colas son imaxes gravadas en directo mentres que as imaxes de recurso son sempre de arquivo.
- b) As colas ilustran directamente a noticia que se está narrando en off, mentres que as imaxes de recurso son material xenérico reutilizable non vinculado a un feito concreto.
- c) As imaxes de recurso teñen maior calidade técnica que as colas porque se gravan en condicións controladas.
- d) Non existe diferenza funcional entre ambos os termos, que son sinónimos usados segundo a canle de televisión.

73.- Un reporteiro gráfico cubre unha rolda de prensa institucional. Cal das seguintes situacións xera un conflito directo co dereito á propia imaxe recoñecido na Lei Orgánica 1/1982?

- a) Gravar ao portavoz oficial nun espazo público sen o seu consentimento expreso e previo á gravación.
- b) Emitir imaxes do edificio institucional sen autorización expresa da administración propietaria do inmovible.
- c) Usar imaxes da rolda de prensa para documentar un arquivo histórico de uso interno da canle televisiva.
- d) Difundir planos de asistentes particulares sen acreditación xornalística en primeiro plano, nun contexto que os asocia a información comprometedor.

74.- Na elaboración dunha noticia televisiva, cal é a orde correcta das fases do proceso xornalístico?

- a) Gravación do material, documentación previa, edición da peza, emisión e contraste posterior de fontes.
- b) Documentación e contraste de fontes, gravación do material, edición da peza, locución en off e emisión final.
- c) Asignación da noticia, emisión en directo, gravación de colas complementarias e arquivado do material.
- d) Edición do material, gravación in situ, documentación de apoio, emisión e arquivado definitivo.

75.- Nun informativo televisivo, cal é o criterio principal para determinar o que é esencial fronte ao accesorio na gravación dunha noticia?

- a) A calidade técnica do plano, priorizando sempre os planos en movemento sobre os planos estáticos ou fixos.
- b) A capacidade do plano para achegar información relevante e verificable sobre o feito noticioso, sen a cal a comprensión quedaría incompleta.
- c) A proximidade física do reporteiro gráfico ao suceso da noticia no momento exacto dos feitos.
- d) A duración do plano na edición final, considerándose esenciais todos aqueles que superan os tres segundos de duración.

76.- No xornalismo televisivo galego, a reportaxe diferénciase da noticia principalmente en que:

- a) A reportaxe profunda no contexto, nas causas e consecuencias dun feito, mentres a noticia se centra na exposición breve dos datos básicos.
- b) A reportaxe só pode emitirse en programas especiais fóra do informativo diario de referencia da canle.
- c) A noticia require sempre a presenza do xornalista en pantalla, mentres a reportaxe pode facerse só con voz en off.
- d) A reportaxe é exclusiva das canles públicas, mentres as privadas só poden emitir noticias de formato estándar.

77.- Segundo a doutrina xurídica española, o dereito á propia imaxe pode ceder ante a liberdade de información cando:

- a) A persoa afectada é menor de idade e os seus pais ou titores autorizaron expresamente a difusión das imaxes.
- b) A captación se realizou en espazos abertos ao público con máis de cincocentas persoas presentes no momento.
- c) A persoa captada é un personaxe público e as imaxes están relacionadas co exercicio das súas funcións públicas.
- d) O medio que emite as imaxes é de titularidade pública e cumpre unha función de servizo de interese xeral.

78 .- Que institución é a máxima representación colexiada do goberno autonómico de Galicia?

- a) O Parlamento de Galicia, como cámara lexislativa única do sistema parlamentario galego establecido no Estatuto.
- b) A Xunta de Galicia, composta polo presidente, o/s vicepresidente/, no seu caso, e os conselleiros con competencias atribuídas.
- c) Consello Consultivo de Galicia, como órgano superior de consulta e asesoramento xurídico do goberno autonómico.
- d) A Comisión Delegada da Xunta, como órgano colexiado de coordinación interdepartamental de políticas autonómicas.

79.- Un reporteiro debe cubrir un accidente de tráfico con vítimas. Desde o punto de vista ético, cal é a práctica correcta?

- a) Gravar o lugar dos feitos respectando a dignidade das vítimas, evitando planos que poidan identificalas ou que resulten innecesariamente morbosos.
- b) Gravar todas as imaxes posibles incluídas as das vítimas para que o editor decida posteriormente que se emite.
- c) Evitar calquera gravación até que as autoridades competentes autoricen expresamente o acceso ao lugar dos feitos.
- d) Limitar a cobertura ao perímetro de seguridade establecido polas forzas de orde pública sen gravar ningún plano adicional.

80.- Quen ostenta a presidencia do Parlamento de Galicia na actualidade?

- a) Miguel Angel Santalices Vieira.
- b) María Dolores Fernández Galiño.
- c) Rosa Crujeiras Casais.
- d) Juan Carlos Aladro Fernández.

PREGUNTAS DE RESERVA

CONTESTAR A PARTIR DA CASILLA Nº 141 DO CUESTIONARIO

R1.- Segundo o establecido no artigo 90 do Convenio Colectivo da CSAG cando a empresa teña coñecemento da comisión de feitos presuntamente constitutivos de falta grave o moi grave acordarase a incoación, de ser o caso, do expediente disciplinario, a que órganos da representación do persoal debe comunicárselle a incoación?

- a) Comité Intercentros ou delegados/as de persoal.
- b) Comité de Empresa ou delegados/as de persoal.
- c) Comisión Paritaria ou delegados/as de persoal.
- d) Comité Intercentros e Comité de Empresa.

R2.- Segundo o artigo 8 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, o trato menos favorable dado a unha persoa, sexa home ou muller, por razón de solicitar, estar a desfrutar ou ter desfrutado dos seus dereitos de conciliación da vida privada, familiar e laboral:

- a) Constitúe discriminación prohibida pola Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.
- b) Constitúe unha situación de acoso sexual.
- c) Constitúe unha situación de acoso por razón de xénero.
- d) Constitúe unha situación de acoso familiar.

R3.- Nunha cobertura en directo, como afecta a saturación da rede móbil local á calidade da transmisión con mochila?

- a) Reduce o ancho de banda dispoñible e incrementa a latencia, podendo degradar a calidade do vídeo ou mesmo interromper a transmisión en situacións extremas.
- b) Non afecta de maneira significativa, xa que as mochilas profesionais dispoñen de prioridade garantida fronte ao tráfico dos usuarios particulares da rede.
- c) O sistema de bonding elimina completamente o efecto da saturación ao distribuír o tráfico entre operadores, mantendo sempre unha transmisión estable.
- d) A saturación afecta unicamente ao tráfico de descarga e non ao de subida, polo que a transmisión de vídeo non se ve comprometida en ningún caso.

R4.- No xornalismo audiovisual, que se entende por 'off' ou voz en off?

- a) O son ambiente gravado no lugar dos feitos que acompaña as imaxes sen que o xornalista fale no plano.
- b) Calquera declaración dun entrevistado que se emite sen que a súa imaxe sexa visible simultaneamente na pantalla.
- c) A locución dun texto xornalístico que se escoita sobre as imaxes sen que o locutor ou xornalista apareza en pantalla.
- d) O audio de fondo utilizado nas pezas para cubrir os silencios entre declaracións e as transicións de edición.